

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 24 DE XUÑO DE 2009

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte de catro de xuño deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS e DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 17 de xuño de 2009.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas municipais de instalación e de licenzas de obras: para un almacén aberto para forraxes e apeiros de labranza en Belesar, San Xoán do Campo e para un umbráculo de compostaxe en Santa Engracia, Santa Comba.

Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación dunha clínica de hemodiálise na rúa Virxe da Esperanza, números 15-19.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión de licenza para parcelamento da parcela matriz sita na rúa das Comunicacións, parcela 98B, cunha superficie de 9.999,25 m² da que se segrega unha porción de 20 m² que se agrega á parcela 98A2-1.

Acórdase a concesión de licenzas de obras: para demoler vivenda, garaxe e alpendre anexo no núcleo rural tradicional de Casanovas parroquia de

Santiago de Piúgos; para instalación de ascensor en edificación con licenzas números 177/76 e 230/95, sita na rúa Montirón, número 44; para restauración de cuberta de almacén en Santa Leocadia-San Martín de Carballido; para instalación de ascensor no edificio sito na rúa Bolaño Rivadeneira, número 17; para substitución de cuberta e achumbado de fachada principal no edificio sito na rúa Tui, número 47; para construción de almacén de maquinaria agrícola para ampliación de explotación agrícola en Tras Monte, s/n, Bascuas; para instalación de ascensor no interior, e reparación da cuberta e fachada do edificio con licenza número 504/64, sito na rúa Camiño Real, número 3; para construción de edificio na rúa Doutor Xermán Alonso Hortas, número 12; para legalización de ampliación de planta primeira en nave con licenza 1164/99 para almacén e oficinas de empresa de instalacións eléctricas e telecomunicacións, na rúa das Leiteiras, ruelleiro C, parcela 12; para legalización de obras de reforma e ampliación de nave construída con licenza 1218/05, situada sobre parcela 21, resultante da segregación con licenza nº 387/05, na rúa Dos Carros, número 59, parcela 21; para cambio de uso de rocho número 26, situado na planta baixa a local sen uso definido no edificio con licenza número 723/98, sito na rúa Venancio Senra, portal número 5; para cambio de uso de comercial a garaxe privado (grao 1º) na planta baixa do edificio con licenza número 530/71, sito na rúa Río Navia, número 37; para cambio de uso de comercial a garaxe privado na planta baixa do edificio con licenza número 114/91, sito na rúa Atalaia, número 16 e para cambio de uso de comercial a garaxe privado para dúas prazas na planta baixa do edificio con licenza número 882/72, sito na rúa Aceroleiro, número 7.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios para levar a cabo por persoal adscrito a Informática e da aprobación da forma de compensación.

Acórdase o nomeamento de tres traballadoras sociais.

Acórdase a modificación da relación de postos de traballo da Policía Local.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

4. INTERVENCIÓN.- Dáse de conta a modificación de crédito número 6 mediante transferencia de crédito por importe de 9.933,33 €, do Orzamento Xeral de 2009.

Tamén se dá de conta a modificación de crédito número 7, mediante transferencia de crédito por importe de 128.310,24 €, do Orzamento Xeral de 2009.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acórdase a prórroga do contrato administrativo asinado coa empresa adxudicataria da prestación do servizo de limpeza de colexios públicos e outras dependencias municipais, por un período de seis meses contados dende o 27 de xuño de 2009 ó 26 de decembro de 2009 ou ben ata a adxudicación do novo contrato.
- Acórdase a adxudicación provisional para a contratación do servizo de limpeza en diferentes centros e dependencias municipais.
- Acórdase a aprobación definitiva do proxecto da “Subestación de San Cibrao 132/20 KV. Lugo”.
- Acórdase a modificación do acordo número 28/458, adoptado pola Xunta de Goberno Local celebrado o día 17 de xuño de 2009 relativo á apertura de expediente informativo ó abeiro do previsto no decreto 94/1991, do 20 de marzo.

Lugo, 25 de xuño de 2009
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García